



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expediente: 2021/G010/000015

Valdoviño, 18 de novembro de 2021. Hora: 10:45

Lugar: Sala de sesións do Pleno da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión extraordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asiste don Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG), xustificando a súa ausencia..

Asistidos e da secretaria municipal Carlota González Navarro e da interventora municipal Elisa Marqués Parrilla.

Aberta a sesión pola Presidencia, ao existir quorum comézase a tratar os asuntos da Orde do Día.

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022, PLANTILLA DE PERSOAL E BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

/ Mantivose reunión coa representación sindical (CCOO, UGT, CIG, USO) en relación aos asuntos de persoal.

A expediente da aprobación inicial do orzamento municipal, plantilla e bases execución (2022) tratouse en sesión de comisión informativa extraordinaria de planificación territorial e xestión administrativa en sesión 18.11.21, e ditaminouse favorablemente/.

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Examinado pormenorizadamente o expediente tramitado para a aprobación do Orzamento desta entidade para o exercicio 2022, formado pola Alcaldía deste Concello, que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165 e 166 do Real decreto-lexislativo, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e concordantes do R. D. 500/1990, do 20 de abril, así como incorporada a plantilla de persoal desta Corporación, segundo os artigos 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establecen que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios/as, persoal laboral e eventual, e que se aprobará anualmente con ocasión da aprobación do orzamento.

Visto o informe emitido pola intervención municipal no que analiza o proxecto de orzamento para o ano 2022, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello de Valdoviño para o exercicio 2022 cunha previsión de ingresos e de gastos por importe de 6.301.465,57 euros, así como toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades de previsións iniciais.

GASTOS	IMPORTE	INGRESOS	IMPORTE
1.- G. persoal	1.901.776,94	1.- Imp. Directos	1.420.000,00
2.- G. bens e serv.	3.191.805,29	2.- Imp. Indirectos	100.000,00
3.- Gastos financ.	5.000,00	3.- Taxas e prez. P.	956.000,00
4.- Transf. Corrent.	166.800,00	4.- Transf. Corrent.	2.914.010,97
		5.- Ing. Patrimon.	35.000,00
Total op. Correntes	5.265.382,23	Total op. Correntes	5.425.010,97
6.-G. inversión	1.020.583,34	6.- Enax. Inversi.	
7.- Transf. capital	5.500,00	7.- Trans. Capital	866.454,60
8.- Activ. Financ.	10.000,00	8.- Activ. Financ.	10.000,00
9.- Pasiv. Financ.	0,00	9.- Pasiv. Financ.	0,00
Total op. Capital	1.036.083,34	Total op. Capital	876.454,60
TOTAL GASTOS	6.301.465,57 €	TOTAL INGRESOS	6.301.465,57 €

SEGUNDO.- Aprobar a Plantilla de Persoal e as remuneracións do persoal municipal para o exercicio de 2022 conforme se recollen na documentación que obra no expediente.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución de dito orzamento.

CUARTO.- Expoñelo ao público mediante anuncio no BOP de conformidade co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles para que os/as interesados/as poidan examinalo e presente reclamacións.

QUINTO.- Se durante dito prazo non se presentan reclamacións, o Orzamento Municipal considerárase definitivamente aprobado de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda e Función Pública.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández “

O Pleno da Corporación, vista a proposta de Alcaldía que antecede e o ditame favorable, en votación ordinaria e por maioría dos presentes (12 dos 13 que compoñen a Corporación).

Votos a favor: (9 votos do PSdeG-PSOE.

Abstencións: 3; (2 do PP) e (1 de CENVAL).

2º.- PROPOSTA DE EMENDA AO ACORDO DE SUBSCRICIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE

/Ditaminado favorablemente en sesión de comisión informativa extraordinaria de planificación territorial e xestión administrativa en sesión de 18.11.21, e ditaminouse faavorable pola comisión/

Proposta de Alcaldía:

“Visto expediente 2021/A006/000005 polo que se tramita o convenio para instrumentalizar a adhesión do Concello de Valdoviño á Axencia de Protección da Legalidade (APLU).

Visto acordo adoptado en sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación celebrado o 16 de setembro do 2021.

Considerando o rexime económico que se establece no punto terceiro das estipulacións do convenio:

1. O réxime económico do presente convenio establece coas seguintes condicións:

*a) o Concello contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística cunha achega de **2600 euros(50 euros por cada núcleo rural delimitado)** que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.*

Visto requerimento solicitado pola APLU o 30 de setembro de 2021 para que se evacúe informe técnico co número de núcleos rurais que consten delimitados nos instrumentos de planeamento vixentes no municipio, co obxecto de proseguir coa súa tramitación e coa finalidade de verificar o correcto cálculo do importe da adhesión fixado en 50 euros por cada núcleo rural delimitado no planeamento, por tratarse dun municipio superior a 5000 habitantes.

Visto informe que se remite o 15 de outubro de 2021, que establece literalmente:

Que o Concello de Valdoviño, réxese por unhas Normas Subsidiarias de Planeamento (en diante NNSSPP) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o día 28.10.93, refrendadas polo Pleno municipal en sesión do 18.03.94, e publicadas no BOP da Coruña o 12.05.94 (BOP núm. 107).

*Que de acordo con ditas NNSSPP, e segundo os planos nº. 01-A, 01-B Y 01-C de clasificación do solo, **o número de núcleos rurais delimitados é de 53.***

Con data 4 de novembro de 2021 se recibe nas dependencias municipais solicitude de emenda remitida pola APLU *por detectarse un erro no texto do convenio que foi aprobado por acordo plenario o 16/09/2021, xa que a achega coa que o Concello debe contribuir*

ascende a cantidade de 2650 euros (50 euros por cada núcleo rural delimitado, sendo 53 os núcleos rurais do termo municipal de Valdoviño).

Á vista do cal se incorpora ao expediente documento contable de retención de crédito complementaria.

Considerando o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Rectificar o texto do convenio aprobado na sesión plenaria do 16 de outubro de 2021 no punto terceiro das estipulacións do xeito que segue:

ONDE DI: Terceira.- Réxime económico. 1. O réxime económico do presente convenio establece coas seguintes condicións: a) o Concello contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística **cunha achega de 2600 euros(50 euros por cada núcleo rural delimitado)** que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.

DEBERÁ DICIR: Terceira.- Réxime económico. 1. O réxime económico do presente convenio establece coas seguintes condicións: a) o Concello contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística **cunha achega de 2650 euros(50 euros por cada núcleo rural delimitado)** que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao Diario Oficial de Galicia o anuncio de publicación do convenio.

SEGUNDO: Que se de traslado do presente acordo á Axencia da Protección da Legalidade para reanudar a tramitación do expediente.

En Valdoviño na data da sinatura á marxe

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”

O Pleno da Corporación, vista a proposta de Alcaldía que antecede e o ditame favorable sobor da mesma, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes (12 votos dos 13 membros legais que a compoñen), acordou aprobar a proposta anterior transcrita.

3º.- MANIFESTO 25 DE NOVIEMBRE: VALDOVIÑO COA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES.-

O Concello-Pleno, efectúa, en relación á data do 25 de novembro, para a eliminación da violencia machista, o seguinte manifesto literal:

“Cada 25 de novembro debe ser marcado no calendario social e político, como data clave para reivindicar e posicionarse con firmeza, manifestando sensibilidade e compromiso para a eliminación das violencias contra as mulleres.

Non cesa, nunca deixa de acontecer, en tempos modernos esta lacra segue presente dun xeito aterrador e perverso, disfrazado de comportamentos respectuosos que seguen a ser igual de machistas, controladores e violentos. Os mitos do amor romántico seguen a transmitir mensaxes erróneas á mocidade, e a normalización da violencia social xeral tapa e fai relativizar aqueles casos que teñen de fondo unha cuestión de xénero. Tamén observamos como o ámbito rural segue a ser un contexto que acolle grande número de casos, e a tendencia á centralización das actuacións sociais nos espazos urbanos provoca un

cambio de foco, co risco de caer na desatención prestada a esas mulleres silenciosas e silenciadas.

O traballo desde o ámbito xurídico, educativo, social e político debe encamiñarse cara a proxección dunha realidade xusta e igualitaria, bisbar un futuro onde o baleiro non ocupe espazo, onde os nenos e nenas de hoxe, sostén do mañá, poidan vivir nunha comunidade con garantía do dereito a ser e estar de igual xeito, e a vivir desde a expresión das súas ideas libres de influencias retrógradas.

O traballo sociocomunitario debe contar coas medidas políticas que xeren contextos igualitarios, pedagóxicos, onde as persoas poidan desenvolverse, con ansia de formarse, de opinar, de saberse escoitadas, de participar e de absorber aires cultos, tal e como manifestou a poeta Luz Fandiño desde o seu desexo de forza e reivindicación *“A miña loita é que os mozos e mozas non pasen fame de comida nin fame de ler”*.

Desde o programa municipal de igualdade e prevención de violencias machistas "Somos e contamos" planifícase unha programación socioeducativa anual con diferentes actuacións, de carácter máis directo ou indirecto, co obxectivo de incidir na educación das nenas e nenos, na sensibilización consciente das familias, na obriga dos axentes profesionais e comunitarios e na responsabilidade política.

A linguaxe inclusiva na documentación e comunicación municipal, as imaxes na publicidade, os tempos de conciliación, os espazos comunitarios, a biblioteca, a programación cultural, as actividades para familias, os proxectos para infancia e mocidade... todas e cada unha das actuacións están enfocadas a construír unha comunidade máis preparada e igualitaria.

Desde o Concello de Valdoviño mantemos o compromiso, a nivel estratéxico e económico, de seguir apoiando o traballo do persoal técnico na loita para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación dos comportamentos machistas, co fin de facer de Valdoviño un lugar mellor.

“SOMOS E CONTAMOS”, PROGRAMA MUNICIPAL DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DE VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES.”

Sendo as once horas, a sesión queda levantada polo Alcalde-Presidente; e estendese a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/